

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 2 DE MARZO DE 2023, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Decreto polo que se modifica o Decreto 211/1996, do 2 de maio, polo que se aproba o Plan de ordenación dos recursos naturais do espazo natural das Fragas do Eume e polo que se aproba o Plan reitor de uso e xestión do Parque Natural das Fragas do Eume.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Vilanova de Arousa dun treito da estrada EP-9002 Fefiñáns-Oubiña.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se ordena a interposición de recurso contencioso-administrativo contra a Resolución do 10 de xaneiro de 2023, do subsecretario de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, que desestima o recurso contra a Resolución do 15 de novembro de 2022, da Dirección Xeral do Instituto Xeográfico Nacional, pola que se establecen as denominacións oficiais da ría en que desemboca o Río Eo e, en todo caso, contra ambas as resolucións.
- Acordo polo que se aproba o Proxecto do V Plan director da cooperación galega (2023-2026) e se acorda a súa remisión ao Parlamento de Galicia para a súa aprobación.
- Acordo polo que se aproba o Plan anual 2023 da cooperación galega para o desenvolvemento.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego da Vivenda e Solo para a asunción de compromisos de gasto derivados do Acordo do 16 de febreiro de 2023, da Comisión de seguimento para o desenvolvemento da Plataforma Loxística Industrial en Salvaterra de Miño-As Neves (Plisan), co fin de executar un apartadoiro ferroviario, por un importe de cinco millóns setecentos cincuenta e seis mil seiscientos cincuenta e seis euros con corenta e catro céntimos (5.756.656,44 €).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se aproba o trámite de información pública e informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado Aparcadoiros disuasorios para o fomento do vehículo compartido asociados á implantación de zonas de baixas emisións nas cidades galegas, PO-546, actuación financiada polo Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega das Industrias Culturais para eximir da obriga de constituír garantías na Resolución pola que se aproban as bases xerais de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a festivais de artes escénicas e de música e se aproba a convocatoria para o ano 2023 por importe de cincocentos setenta e cinco mil euros (575.000,00 €).
- Acordo polo que se toma razón do inicio do expediente para o establecemento dun complemento específico compensador para o persoal funcionario de carreira do corpo, para extinguir, de profesores técnicos de formación profesional que non se integra no corpo de profesores de ensino secundario.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se toma razón do Acordo marco de colaboración entre a Fundación Escola de Organización Industrial (EOI), F.S.P. e a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para a difusión e/ou desenvolvemento de actuacións de impulso do emprendemento, o emprego, o traballo autónomo e a economía social de Galicia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de vacinas antigripais, por un importe total de licitación de dez millóns vinte e tres mil euros (10.023.000,00 €) con IVE e un valor estimado de dez millóns cento dezanove mil trescentos setenta e cinco euros (10.119.375,00 €) sen IVE.
- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva da vacina conxugada 20 valente fronte ao pneumococo, por un importe total de licitación de dous millóns seiscentos noventa e seis mil catrocentos oito euros (2.696.408,00 €) con IVE e un valor estimado de cinco millóns setecentos tres mil novecientos corenta euros (5.703.940,00 €) sen IVE.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se toma razón da repercusión das axudas concedidas ao abeiro do Plan de mellora de camiños rurais no período 2016-2022 e da nova convocatoria de axudas prevista para a anualidade 2023.

INFORMES

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Informe sobre a convocatoria de axudas para a planificación enerxética de entidades locais e comunidades enerxéticas para o ano 2023.
- Informe sobre a subministración dunha infraestrutura de tecnoloxías cuánticas de información para a Fundación Pública Galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia.
- Informe sobre a situación da eólica mariña en Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Informe sobre a Orde do 29 de decembro de 2022 de infraestruturas de uso público pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas municipais destinadas a concellos de Galicia para o ano 2023.
- Informe sobre a actividade da UPA no Xacobeo 2021-2022.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre o estado da ciberseguridade en Galicia 2022.
- Informe sobre o Produto Interior Bruto (PIB) en Galicia no ano 2022.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Informe sobre a situación actual da Rede de infraestruturas para a valorización da materia orgánica en Galicia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a previsión de datas de exames da OPE ordinaria e de estabilización no Servizo Galego de Saúde.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre cortas de madeira en xestión pública e privada no ano 2022.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA APROBA O PLAN DE USO E XESTIÓN DO PARQUE NATURAL FRAGAS DO EUME, CUNHA VIXENCIA DE 10 ANOS E UN INVESTIMENTO ESTIMADO DE 8,5 M€

- Subliña que o obxectivo é “buscar o equilibrio” entre a conservación dos recursos e as actividades socioeconómicas e a presenza humana ordenada no parque
- Resalta que se trata do “bosque atlántico mellor conservado de Europa”
- Con este Plan complétase o proceso normativo para dotar dun instrumento de ordenación propio os seis parques naturais de Galicia e o Parque Nacional das Illas Atlánticas, que suman preto de 50.000 hectáreas e nos cales se prevé mobilizar preto de 70 M€
- Fíxase unha nova zonificación en virtude da cal un 42% das Fragas do Eume goza dun alto grao de protección ou usos limitados en atención á súa riqueza e singularidade
- O documento desenvólvese a través de catro programas de actuación centrados na protección dos valores naturais, paisaxísticos e culturais deste espazo, na promoción da investigación no territorio, na xestión do uso público para gozo dos seus visitantes e na mellora e mantemento das instalacións e equipamentos
- Entre as accións previstas no PRUX cómpre subliñar un programa para incrementar a superficie de titularidade pública nas zonas de maior protección, un catálogo de flora e fauna alóctonas e de invasoras e un plan de infraestruturas fronte incendios

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Consello da Xunta aprobou na súa reunión semanal o Plan reitor de uso e xestión (PRUX) do Parque Natural Fragas do Eume, un documento de planificación e ordenación deseñado para garantir a conservación dos valores, hábitats e principais especies de flora e fauna que alberga este territorio e que contará durante os seus 10 anos de vixencia cun investimento total estimado en 8,5 millóns de euros. “O noso obxectivo é buscar o equilibrio entre a conservación dos recursos naturais e as actividades socioeconómicas e a presenza humana ordenada neste espazo”, resaltou.

Rueda subliñou que as Fragas do Eume é “un dos bosques atlánticos mellor conservados de toda Europa” e lembrou que coa aprobación deste PRUX, complétase o proceso normativo impulsado co fin de dotar dun instrumento de xestión propio toda a Rede de parques de Galicia, que suma preto de 50.000 hectáreas.

Así, o primeiro documento aprobado foi o do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, en decembro de 2018; ao ano seguinte sumáronse os PRUX dos parques ourensáns Serra da Enciña da Lastra e O Invernadeiro; en 2020 tocoulle a

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

quenda ao Monte Aloia; en 2021 aprobouse o do Complexo Dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán; e o ano pasado foi ratificado o Plan reitor da Baixa Limia-Serra do Xurés.

Polo tanto, coa aprobación hoxe do PRUX das Fragas do Eume, os seis parques naturais galegos e mais o único parque nacional existente na Comunidade contan xa cun documento de xestión adaptado ás súas necesidades e características específicas. En total, a Xunta prevé mobilizar nestes espazos naturais preto de 70 millóns de euros.

Cómpre subliñar que o obxectivo principal dos PRUX, concibidos para clarificar os réximes de usos dentro de cada parque e as liñas de actuacións que deberá seguir a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, é buscar un equilibrio entre a preservación dos recursos naturais e as actividades socioeconómicas que poden acoller estes espazos.

Neste sentido, o PRUX das Fragas do Eume actualiza a zonificación recollida no anterior Plan de ordenación dos recursos naturais para, por un lado, harmonizala coa do resto de parques e, por outro, axustar os límites de cada área para compatibilizar a conservación do patrimonio natural e da paisaxe cos usos que se desenvolven nel.

Deste xeito, propónse dividir a súa superficie en: zona I de reserva, que inclúe ámbitos que requiren dun alto grao de protección; zona II de uso limitado, espazos cunha maior necesidade de preservación polos seus valores naturais de excepcional rareza, interese ou fragilidade; zona III de uso compatible, que abrangue áreas cun valor de conservación medio por integrar certo nivel de humanización, nas cales se localizan plantacións forestais, cultivos e matogueira; e zona IV de uso xeral, cun importante nivel de urbanización e que inclúe os núcleos rurais e as vías asfaltadas.

As dúas primeiras, coincidentes cos espazos de maior riqueza natural e paisaxística e, por tanto, que requiren máis protección, abranguen o 42 % da superficie total, que suma 9.106,36 hectáreas. Este dato reflicte que no PRUX os obxectivos de conservación priman sobre calquera outra actividade que se planifique ou desenvolva no parque.

Catro grandes programas de actuación

Con base na nova zonificación e usos e aproveitamentos previstos, o plan desenvólvese ao redor de catro programas: conservación da biodiversidade, a paisaxe e o patrimonio cultural; fomento e promoción da investigación, seguimento e avaliación do territorio; xestión do uso público para que os visitantes coñezan e gocen dos seus valores; e mellora e mantemento das infraestruturas, instalacións e equipamentos existentes.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No marco destes catro grandes programas, fíxase toda unha serie de liñas de actuación e medidas para executar na vindeira década. Así, cómpre destacar o impulso a un novo programa de recuperación ambiental do parque a través do incremento da superficie de titularidade pública en zonas en que implique unha maior continuidade do ecosistema de fraga atlántica. Para logralo porase en marcha un plan de xestión para a adquisición de terreos por parte da Xunta e a súa posterior restauración ecolóxica. “Unha das singularidades deste parque é o que o 80% dos terreos son de particulares”, resaltou o presidente da Xunta.

De igual xeito, engadiu que tamén “se elaborará un catálogo de flora e fauna alóctonas e de especies exóticas invasoras presentes no parque”, e deseñaranse de forma paralela medidas eficaces para o control e a posible erradicación destas poboacións. Ademais, explicou que se fomentará unha xestión forestal sostible e “a substitución de masas de eucalipto por frondosas”.

Así mesmo e co fin de reducir posibles afeccións ao medio natural, o documento inclúe un plan de infraestruturas e accións preventivas fronte aos incendios forestais; ademais do deseño e desenvolvemento de medidas de conservación, mantemento e recuperación dos hábitats de interese comunitario presentes nas Fragas, con accións específicas, por exemplo, en enclaves singulares de interese florístico.

Ademais, o novo instrumento de uso e xestión tamén prevé un Plan de emerxencias –o primeiro deste parque natural– para intervir de forma rápida e eficaz ante posibles eventualidades co fin de minimizar as posibles consecuencias sobre a zona.

Para cumprir con todos os seus obxectivos, o PRUX das Fragas do Eume recolle investimentos nas diferentes liñas de actuación por un importe de 3,12 millóns de euros, aos cales hai que sumar o orzamento que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda estima que destinará na próxima década á conservación e posta en valor deste parque a través da concesión de axudas para a execución de diferentes proxectos ou dos gastos do persoal adscrito a el, polo que se mobilizarán en total uns 8,5 millóns de euros.

Un dos bosques atlánticos mellor conservados

O Parque Natural Fragas do Eume atópase ao nordeste da provincia da Coruña – esténdese polos concellos de Cabanas, Pontedeume, A Capela, Monfero e As Pontes de García Rodríguez– nunha zona de marcada influencia oceánica entre o medio litoral do esteiro do Eume e as montañas en que nace o devandito río. Estas características explican por que é, hoxe en día, unha das mostras máis importantes dos bosques sublitorais galegos e un dos poucos bosques atlánticos ben conservados de Europa.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así mesmo, outra das singularidades deste espazo natural é que o 80 % dos terreos do parque son de titularidade privada, polo que durante o proceso de elaboración e de consultas do PRUX se tivo moi en conta a opinión e o papel dos propietarios particulares.

Neste sentido, cómpre lembrar que a finais do ano 2021 a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda iniciou unha rolda de contactos con representantes dos principais colectivos, entidades e administracións públicas implicados e relacionados co Parque Natural Fragas do Eume co fin de facelos partícipes do futuro PRUX.

No marco deste proceso, realizáronse reunións cos alcaldes dos cinco concellos do parque, con representantes de asociacións de propietarios, ecoloxistas, comunidades de montes, entidades veciñais e colectivos ambientais, produtores agrogandeiros, titulares de empresas de lecer e turismo activo, clubs de escalada e montañismo, entre outros.

En definitiva e por todo o exposto, o proceso de elaboración do PRUX Fragas do Eume foi moi consensuado e participativo e, de feito, no marco do trámite de información pública e de audiencia aberto a finais do ano pasado, recibíronse un total de 456 alegacións e achegas das cales algo máis do 62 % foron recollidas no texto, ben porque se aceptaron ou ben porque xa estaban incorporadas no documento orixinal.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA DO TREITO ANTIGO FINAL DA ESTRADA PROVINCIAL QUE COMUNICA FEFIÑÁNS E OUBIÑA

- Transfírese ao Concello un treito de 86 metros de lonxitude da EP-9002
- A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ten, entre as súas funcións, a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades provinciais e locais
- Co cambio de titularidade, o Concello de Vilanova de Arousa terá a competencia para actuar neste treito e asume a súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico terá efecto desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Vilanova de Arousa do treito antigo final da estrada provincial EP-9002, que comunica Fefiñáns e Oubiña.

O Concello de Vilanova de Arousa e a Deputación Provincial de Pontevedra asinaron un convenio en que estableceron a obriga da entidade municipal de solicitar a transferencia de titularidade deste tramo.

A Axencia Galega de Infraestruturas, vistos os informes emitidos polos servizos competentes, formulou a proposta favorable á transferencia de titularidade deste treito antigo, de 86 metros de lonxitude, no punto quilométrico 4+613 da EP-9002.

A transferencia a prol do Concello de Vilanova de Arousa tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación mediante decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

O departamento de Infraestruturas da Xunta ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades provinciais e locais.

Co cambio de titularidade, o Concello de Vilanova de Arousa terá a competencia para actuar neste treito e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Treito antigo final da vía provincial obxecto do cambio de titularidade autorizado hoxe:



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA VAI RECORRER CONTRA A DECISIÓN DO GOBERNO CENTRAL DE OFICIALIZAR O TOPÓNIMO 'RÍA DO EO' ANTE O TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE MADRID

- Explica que se presenta para que só sexa oficial a denominación 'Ría de Ribadeo', "o topónimo que se empregou sempre historicamente"
- Argumenta que conta con "séculos de antigüidade" e cambialo vulnera a Lei que salvagarda o patrimonio cultural inmaterial
- Apunta que a Comisión de Toponimia de Galicia alerta de que esta decisión contradí informes oficiais da Comisión Especializada de Nomes Xeográficos
- Salienta que a Xunta conta co apoio neste recurso de organismos, como a RAG, o Consello da Cultura Galega ou expertos da Universidade de Santiago

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Goberno galego vai recorrer ante a Xustiza a decisión do Executivo central de darlle carácter oficial á denominación 'Ría do Eo' para designar a ría en que desemboca ese río. Consecuentemente, argumentou que se defende que só teña oficialidade o topónimo 'Ría de Ribadeo', por ser o que "se empregou sempre historicamente" e tratarse dun "topónimo con séculos de antigüidade", avalou.

"Non estamos sós", aseverou o mandatario galego, quen refrendou o apoio do Goberno galego a este topónimo ao feito de que tamén outros organismos están a defender a oficialidade en exclusiva do topónimo Ría de Ribadeo e citou o concello desta localidade lucense, a Deputación de Lugo, a Real Academia Galega, o Consello da Cultura Galega ou expertos da Universidade de Santiago.

Débese lembrar que unha resolución do Instituto Xeográfico Nacional (IXN), ditada logo de informe preceptivo da Comisión Especializada de Nomes Xeográficos, estableceu en novembro de 2022 que ambos os topónimos debían ter o mesmo carácter oficial. A Xunta presentou, xunto con entidades locais e asociativas da Comunidade Autónoma, un recurso ante a Subsecretaría de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, que foi desestimado o pasado mes de xaneiro. Por iso, Rueda explicou que o Consello acordou hoxe presentar un recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Madrid contra a resolución do IXN do pasado novembro.

O mandatario galego apuntou que admitir unha alternativa de recente creación para un topónimo de séculos de antigüidade, como é o caso de Ría de Ribadeo, supón infrinxir a Lei 10/2015, do 26 de maio, que salvagarda o patrimonio cultural inmaterial, xa que

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

constitúe unha agresión ao topónimo tradicional, tendo en conta que a toponimia tradicional está protexida.

Ademais, Rueda fixo fincapé en que a Comisión de Toponimia de Galicia tamén considera que dotar de oficialidade estes dous topónimos vulnera a normativa e contradí informes oficiais da propia Comisión Especializada de Nomes Xeográficos datados en 2008.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O PROXECTO DO V PLAN DIRECTOR DA COOPERACIÓN GALEGA, QUE MARCARÁ A ESTRATEXIA DO GOBERNO GALEGO NESTE ÁMBITO NOS PRÓXIMOS 4 ANOS

- Inclúe como prioridades avanzar nos obxectivos de desenvolvemento sustentable da Axenda 2030, como a erradicación da pobreza, a promoción dos dereitos humanos, a igualdade de xénero e a loita contra o cambio climático
- O Consello da Xunta aprobou tamén o Plan anual da cooperación galega, que incrementará o seu orzamento neste ano en preto do 14 %, cunha dotación de case 9 M€

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Proxecto do V Plan director da cooperación galega 2023-2026 e a súa remisión ao Parlamento de Galicia para a aprobación. O documento establece a planificación estratéxica do Goberno galego en materia de cooperación para o desenvolvemento nos próximos catro anos. Prevé o avance nos obxectivos de desenvolvemento sustentable (ODS) co fin de erradicar a pobreza, reducir as desigualdades, promover os dereitos humanos e as liberdades fundamentais ou loitar contra o cambio climático. Así, o novo plan aliña o seu marco estratéxico coa Axenda 2030 e os seus ODS.

Tamén hoxe o Consello da Xunta aprobou o Plan anual 2023 da cooperación galega para o desenvolvemento, o instrumento anual que fixa a programación operativa da cooperación galega con base nas prioridades precisamente do V Plan director da cooperación galega. Neste ano conta cun investimento de 8,9 M€, o que supón un incremento de case o 14 %. Ambos os plans recibiron informe favorable do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento (Congacode) na reunión deste organismo do pasado 14 de febreiro.

O novo plan director establece unha concentración das axudas nos 11 países prioritarios: Bolivia, Ecuador e Perú (en América do Sur); República Dominicana (no Caribe); Guatemala, O Salvador, Honduras e Nicaragua (en Centroamérica); e Mozambique, Cabo Verde e Guinea Bissau (en África). Darase tamén unha clara aposta polos países lusófonos e pola poboación saharauí e palestina. Como novidade incorpórase un tratamento especial dirixido aos países menos adiantados (PMA) ou con índice de desenvolvemento humano (IDH) baixo en África, así como a atención aos colectivos máis vulnerables.

No que se refire ao Plan anual 2023 da cooperación galega, a suba de case o 14 % no orzamento previsto permitirá reforzar as liñas tradicionais de axudas. Trátase da contía

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

máis elevada desde 2010, o primeiro ano da posta en marcha do primeiro dos catro plans directores anteriores.

En concreto, darase un incremento do 11 % nas convocatorias bianuais para proxectos de cooperación no exterior con 6 M€; do 37,5% na anual de subvencións para proxectos de axuda humanitaria, cunha dotación de 550.000 euros; e dun 33,33 % máis na orde bianual destinada a apoiar proxectos de investigación para o desenvolvemento, cunha contía de 200.000 euros. As axudas plurianuais para proxectos de educación para o desenvolvemento e cidadanía global manteranse, igual que en 2022, nos 600.000 euros. Ademais, destinaranse outros 104.600 euros a 6 bolsas de formación de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento.

Por outra banda, manterase unha liña financeira para axuda humanitaria ou de emerxencia que garanta que a Xunta poida dar resposta cando se produza un chamamento internacional por mor dunha catástrofe ou crise humanitaria. Nesta liña, asinaranse convenios con entidades como Farmamundi, UNICEF, a Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí e coas axencias das Nacións Unidas ACNUR e UNRWA.

No ámbito da educación para o desenvolvemento, a sensibilización, a formación e o fortalecemento institucional, distribuiranse 230.000 euros para a colaboración da Xunta coa Coordinadora Galega de ONGD e o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, así como coas organizacións Solidariedade Internacional de Galicia, Agareso e Asemblea de Cooperación pola Paz co fin de executar o proxecto Activistas polo mundo que queremos 2023-2024, no marco do Plan Proxecta da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Por último, en actuacións de cooperación no exterior renovaranse os convenios con Augas de Galicia e a Asociación Enxeñería Sen Fronteiras de Galicia, para a xestión de recursos hídricos, e coa Fundación Cetmar en materia de pesca e acuicultura.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ 5,7 M€ NA CONSTRUCCIÓN DO FUTURO APARTADOIRO FERROVIARIO DA PLISAN

O Goberno galego segue a traballar no desenvolvemento desta plataforma loxística para dar resposta ao grande interese do tecido produtivo nas súas parcelas

O Consello da Xunta aprobou o acordo que autoriza un investimento de 5,7 millóns de euros na construción do futuro apartadoiro ferroviario da Plataforma loxístico industrial Salvaterra – As Neves (Plisan), que está chamada a ser a gran zona de actividades loxísticas da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

Este novo apartadoiro, cuxo informe de impacto ambiental -xa publicado no Diario Oficial de Galicia- conclúe que non son previsibles efectos significativos para o medio ambiente, facilitará a xestión e almacenamento de mercadorías e, ademais, permitirá impulsar o tráfico ferroviario deste tipo en Galicia.

A previsión é que estea concluído antes de que remate 2025 para que todas as empresas emprazadas na Plisan poidan utilizar o tren para o subministro de materias primas, compoñentes e a distribución posterior dos produtos, xa que permitirá operar trens lanzadeira co porto de Vigo.

Este apartadoiro, que disporá dunha lonxitude de vías de 750 metros, enmárcase no proxecto de dotar á Plisan dun Centro intermodal de transportes, que permita conectar esta área industrial coa liña ferroviaria que transcorre pegada á mesma.

Deste xeito, para unha adecuada intermodalidade, o proxecto expón que é necesario establecer unha zona de terminal ferroviaria de mercadorías para almacenamento e carga/descarga de contedores, graneis e vehículos automóbiles así como conectar a terminal ferroviaria coa rede de interese xeral e coa rede interior da Plisan ata a conexión coa A-52. A maiores, prevese a instalación de electrificación ferroviaria.

Cómpre lembrar que a Plisan ten como promotores a Xunta de Galicia, a Autoridade Portuaria de Vigo –encargada de licitar este proxecto– e o Consorcio Zona Franca, que cofinanciarán o proxecto en base á súa porcentaxe de participación nesta área industrial. En total, o investimento estimado para levar a cabo esta infraestrutura é de 31 millóns de euros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O PROXECTO PARA A EXECUCIÓN DUN APARCADOIRO DISUASORIO EN PONTEVEDRA CUN INVESTIMENTO DE 500.000 €

- O deseño do aparcadoiro intégrase no proxecto de transformación integral da estrada vella entre Marín e Pontevedra, para conformar un eixe de mobilidade sostible cun investimento total de máis de 9 M€
- Construirase un aparcadoiro na estrada autonómica PO-546, no tramo entre o acceso ao Pazo de Lourizán e a intersección co núcleo do Rozo
- Habilitaranse un total de 71 prazas, das cales se reservan 2 para persoas con mobilidade reducida, e complementábase a actuación con iluminación pública, videovixilancia ou preinstalación de puntos de recarga para vehículos eléctricos
- O aparcadoiro sitúase nunha vía principal de comunicación entre Pontevedra e o resto da comarca do Morrazo, e fai as funcións de aparcadoiro disuasorio para o uso compartido de vehículo e o fomento do transporte público
- O levantamento das actas previas das expropiacións realizarase no segundo trimestre do ano e prevense licitar as obras en marzo para comezalas tras o verán
- O Goberno galego mantén o impulso dos proxectos promovidos ao abeiro dos fondos Next Generation para fomentar a mobilidade sustentable nas contornas das cidades e vilas galegas, aos cales se destinará este ano un investimento de 29,3 M€

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de trazado para a execución dun aparcadoiro disuasorio na estrada autonómica PO-546, no concello de Pontevedra, que suporá un investimento que roldará os 500.000 euros.

A Xunta coordinou o deseño deste aparcadoiro disuasorio coa redacción do proxecto de transformación integral da PO-546, a estrada vella entre Marín e Pontevedra, permitindo a coordinación de ambas as dúas intervencións.

O Goberno galego está a impulsar os traballos para a conformación dun eixe de mobilidade sostible nesta vía autonómica PO-546, mediante un investimento autonómico de máis de 9 M€.

Debido á envergadura do aparcadoiro, singularizouse o seu proxecto, que se someteu a información pública simultaneamente ao proxecto global da PO-546, para unha mellor comprensión do conxunto da actuación.

Así, o Goberno galego impulsa un novo aparcadoiro asociado á implantación de zonas de baixas emisións e ao fomento dunha mobilidade sostible nas cidades galegas nesta vía

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

que une Pontevedra e Marín. O novo aparcadoiro localizarase entre a vía de acceso ao Pazo de Lourizán e a intersección da estrada de conexión da PO-546 co núcleo do Rozo.

Máis concretamente, a nova infraestrutura situarase no tramo situado entre os quilómetros 2+750 e 2+950 da PO-546 e contará cunha superficie total de 2.465 m², que permitirá habilitar un total de 71 prazas de estacionamento en batería. Dúas desas prazas reservaranse para persoas con mobilidade reducida.

A actuación complementábase coa dotación de iluminación pública, videovixilancia, preinstalación de puntos de recarga para vehículos eléctricos e a incorporación de vexetación na contorna.

O aparcadoiro terá un deseño lineal de única dirección e sentido, paralelo ao viario adxacente, e disporá de xiros unicamente nos puntos de conexión coa estrada PO-546.

A aprobación definitiva do proxecto de trazado desta nova actuación do Executivo autonómico implica a declaración de utilidade pública, pola que se dispón a urxente ocupación dos terreos necesarios para executar esta intervención.

A localización deste aparcadoiro disuasorio considerouse idónea ao atoparse nesta vía principal de comunicación entre Pontevedra e o resto da comarca do Morrazo, e fai as funcións tanto de *carpooling* como vinculado ao transporte público.

Na contorna dos 300 metros do aparcadoiro existen 4 paraxes de autobús que comunican Pontevedra cidade coa comarca do Morrazo, convertendo a localización nun sitio de intercambio modal.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade convocará o levantamento das actas previas das expropiacións necesarias para a execución dos traballos no segundo trimestre deste ano. A licitación das obras prevese realizar no mes de marzo, para poder comezalas tras o verán. O prazo de execución é de 12 meses.


Estas actuacións forman parte dos proxectos impulsados pola Xunta ao abeiro dos fondos europeos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia Next Generation UE no impulso da transformación da mobilidade nas contornas urbanas, que apostan por desprazamentos máis limpos e sostibles, aos cales destinarán este ano 29,3 M€.

No marco destes proxectos, a Xunta inclúe os aparcadoiros disuasorios, as sendas nas contornas das grandes cidades, a mellora da seguridade e da accesibilidade nas paraxes de autobús nas estradas autonómicas ou os investimentos nas estacións intermodais, como a da Coruña, agora mesmo en execución.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Plano de situación e de planta do aparcadoiro disuasorio en Pontevedra:



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INCREMENTA NUN 4,5 % A CONVOCATORIA ANUAL DE AXUDAS A FESTIVAIS DE MÚSICA E ARTES ESCÉNICAS

- Prevé un investimento de 575.000 € nestas subvencións, con 360.000 euros para os eventos musicais e 215.000 euros para os escénicos
- O Consello aproba as novas bases que, ademais de manter a progresiva tendencia á alza no orzamento, introducen unha serie de cambios formais en consenso co sector
- Esta liña de axudas é unha das 57 accións do Plan Xeración Cultura, ao cal a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades destina 34 M€ en 2023

O Consello da Xunta aprobou hoxe as novas bases das subvencións a festivais profesionais de música e de artes escénicas para 2023, que incrementan a súa dotación ata os 575.000 euros, dos cales 360.000 corresponden á modalidade para eventos musicais e os 215.000 restantes, aos escénicos. Esta suba do 4,5 % respecto do ano pasado reforza a progresiva tendencia ascendente no investimento da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades nestes encontros, certames e mostras, organizados de xeito profesional e considerados estratéxicos nos seus respectivos ámbitos.

Trátase, ademais, dunha das 57 accións recollidas no Plan Xeración cultura, a través do cal a Xunta inxectará 34 M€ no sector cultural galego para acompañar e reforzar o seu gran momento creativo e profesional.

No caso concreto dos festivais de música e de artes escénicas, a través desta convocatoria anual de axudas en réxime de concorrencia competitiva, o Goberno galego recoñécelles o seu papel como dinamizadores culturais e como polos de atracción turística, ademais de como plataforma de exhibición da máis recente produción musical e escénica de Galicia.

A nosa Comunidade conta actualmente cunha destacada e consolidada nómina de festivais de periodicidade anual e diferenciados en canto a temática, orientación, situación xeográfica ou temporal. De feito, o ano pasado recibiron axuda por medio desta convocatoria un total de 34 eventos, 21 deles de música e 13 de artes escénicas.

Ata 16 proxectos musicais

Ademais do aumento orzamentario, as bases deste ano introducen unha serie de cambios formais na súa redacción, así como nos criterios de valoración e nos requisitos dos eventos solicitantes. Unha destas novidades, consensuada previamente co sector, é o establecemento dun límite máximo de 16 proxectos subvencionables no caso dos

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

festivais de música, como xeito de garantir un cofinanciamento suficiente por parte da Administración galega. Ademais, valorarase positivamente que estes eventos se adhiran ao Carné Xove, como xeito de reforzar a política autonómica de acceso da mocidade á cultura.

Todos os festivais beneficiarios deben celebrarse entre o 1 de novembro de 2022 e o 31 de outubro deste ano, ter realizado dúas edicións anteriores e programar un mínimo de catro grupos ao día, no caso dos de música (modalidade A), ou de seis compañías por evento, no caso dos de artes escénicas (modalidade B).

Adicionalmente, os encontros musicais deben desenvolverse dentro dun único período de 15 días (dous deles consecutivos), o seu orzamento mínimo de contratación artística será o 30 % do subvencionable e o 80 % dos concertos ofertados teñen que se de pago. Pola súa banda, aos de artes escénicas pídeselles un orzamento mínimo de contratación artística que acade o 40 %, dentro do cal o 30 % ten que destinarse a artistas que desenvolvan a súa actividade profesional en Galicia, ou que o mínimo do 60 % da carteleira ten que ser de pago por parte do público, excepto nos festivais de rúa.

Poden optar a estas axudas profesionais autónomos ou empresas organizadoras de festivais, ademais das entidades locais no caso específico da modalidade B. A contía máxima da subvención é de 50.000 euros por proxecto, e poderase alcanzar ata o 30 % do orzamento subvencionable nos eventos de música e o 60 % nos de artes escénicas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CREAMÁ UN COMPLEMENTO SALARIAL ESPECÍFICO PARA COMPENSAR 665 PROFESORES TÉCNICOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL AFECTADOS POLA NOVA LEI ESTATAL

- Trátase de docentes que, por un mal desenvolvemento normativo do Ministerio de Educación, non poden integrarse no corpo de profesores de secundaria
- O Goberno galego continúa demandando solucións para que o proceso de integración non xere desigualdades

A Xunta de Galicia creará un complemento salarial específico para compensar os profesores técnicos de FP cuxa categoría profesional foi declarada para extinguir polo Ministerio de Educación. O Consello do Goberno galego tomou esta mañá en razón o expediente para a posta en marcha desta medida, destinada aos 665 funcionarios de carreira que, por non dispoñer da titulación exixida, non poden integrarse no corpo de profesores de secundaria.

Cómpre salientar que a non integración destes docentes, decidida polo Goberno do Estado, supón un desequilibrio salarial dado que desenvolven as mesmas funcións que os que si poden pasar ao corpo de secundaria. Ademais, o profesorado técnico de FP é un dos piares fundamentais do éxito destas ensinanzas dado os coñecementos prácticos que poden achegar ao alumnado.

O importe do complemento ascende a 146,93€ mensuais, que cobren a diferenza retributiva entre soldo base dos profesores de secundaria e do corpo para extinguir de profesores técnicos de FP, tendo en conta a repercusión nas pagas extraordinarias. A previsión é aplicar a medida a partir do 1 de setembro de 2023. Terá un custo anual de 1,5 M€, que a Xunta asume en solitario.

Deste xeito dáse resposta ás demandas deste colectivo, co cal o titular do departamento educativo do Goberno galego xa se reuniu en varias ocasións para transmitir-lles o seu apoio, logo de que o Ministerio de Educación non os tivese en conta nin no desenvolvemento da nova lei educativa (LOMLOE) nin da nova lei de FP. En calquera caso, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades continuará demandándolle ao Goberno central solucións para que o proceso de integración non xere desigualdades.

A extinción do corpo de profesores técnicos de formación profesional incluíuse na LOMLOE, que só abría a porta á integración no corpo de secundaria para aqueles que reunisen os requisitos de titulación. Con posterioridade, nun intento de emendar este

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

erro advertido pola Xunta, a Lei de FP creou un novo corpo de profesores especialistas en sectores singulares de FP para un total de 10 especialidades á marxe dos de secundaria.

Proceso de integración

En paralelo ao complemento salarial analizado hoxe, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades xa comezou o proceso de integración das persoas que si cumprían os requisitos para integrarse no corpo de secundaria. Está previsto resolver a integración neste mesmo de marzo. Estímase en algo máis de 1.000 os docentes que cumpren os requisitos marcados polo Ministerio, un paso cun custo de algo máis de 2 M€ ao ano, que tamén a Xunta asume de xeito íntegro.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

XUNTA E ESCOLA DE ORGANIZACIÓN INDUSTRIAL COLABORARÁN PARA IMPULSAR EN GALICIA O TRABALLO AUTÓNOMO, O EMPRENDEMENTO E A ECONOMÍA SOCIAL

- O Consello do Goberno galego deu o visto e prace ao Acordo marco que a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade asinará nas próximas semanas con esta fundación adscrita ao Ministerio de Industria, Comercio e Turismo
- Coa medida, o Goberno galego aspira a dinamizar as oportunidades de creación de emprego a partir de fondos europeos e estatais
- Entre outras actuacións, avogarase pola aceleración de iniciativas innovadoras, a atracción de talento feminino e o fomento do traballo no eido do cooperativismo

O Consello do Goberno galego deu visto e prace ao Acordo marco que a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade formalizará nas próximas semanas coa Fundación Escuela de Organización Industrial F.S.P. (EOI), adscrita ao Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, para desenvolver na Comunidade medidas de impulso ao emprendemento, o emprego e a economía social en sectores e para colectivos prioritarios.

A Xunta de Galicia quere aproveitar a oportunidade que brindan tanto os fondos europeos e estatais así como como outras fontes de financiamento públicas e privadas, para poñer en marcha actividades que posibiliten tanto a creación e consolidación de empresas como de proxectos emprendedores innovadores.

O Acordo marco irá concretando vía convenio cada unhas das actuacións emanadas del. Porá o foco no impulso do emprendemento dirixido, en especial, a persoas en desemprego de sectores de actividade considerados prioritarios. Tamén avogará polo impulso do cooperativismo entre as persoas mozas, favorecendo a súa capacitación cara ás iniciativas colectivas.

Un dos eidos de actuación será o do fomento do autoemprego feminino, en concreto nas zonas rurais, favorecendo a creación de empresas dirixidas por mulleres.

A colaboración coa EOI permitiralle ademais ao Goberno galego desenvolver programas enmarcados no Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR), como os orientados ao fomento das capacidades emprendedoras ou á aceleración de iniciativas innovadoras; o programa Bandeira para a organización e/ou atracción de eventos no ámbito do emprendemento e un terceiro, para atracción de talento feminino.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Neste conxunto de medidas poderanse financiar outras actuacións co PRTR, entre as cales destacan as orientadas á capacitación para a transformación dixital de mozas e persoal directivo ou as incluídas nos plans nacionais de competencias dixitais e dixitalización, ambas as dúas dirixidas a pemes.

A Xunta de Galicia está a potenciar este ano o emprendemento como nunca antes se fixera. Así, en 2023 destinará máis de 18 millóns de euros a esta área estratéxica que, entre outras medidas, permitirán despreparar a Rede de polos de emprendemento e apoio ao emprego iniciada en 2022, ata sumar un total de 12 polos distribuídos por toda a xeografía galega. O Goberno galego está a apostar por visibilizar e difundir os beneficios e fortalezas do emprendemento como fórmula de éxito en Galicia, alternativa ao traballo por conta allea, á vez que avoga pola consolidación e o crecemento das empresas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA DESTINA 12,7 MILLÓNS DE EUROS Á COMPRA DE 888.000 DOSES DA VACINA DA GRIPE E 55.000 DA VACINA DA PNEUMONÍA MELLORADA

- Destaca que se incrementará a protección dos máis vulnerables coa adquisición de 83.000 vacinas máis da gripe para administrar “a maiores de 80 anos e persoas de mais de 60 que habitan nas residencias”
- Subliña que a nova vacina contra a pneumonía “é máis potente, con maior memoria inmune” e protexerá fronte a 20 serotipos, sete máis que na actualidade
- Irá destinada ás persoas de 65 anos e aquelas que teñan 18 ou máis anos e pertencen a grupos de risco
- Se no ano 2022 a Xunta reforzou as vacinas para os máis pequenos, en 2023 mellorará a inmunización dos maiores
- O contrato garante o subministro de vacinas antigripais para a campaña de vacinación de 2023, que se desenvolverá nos 900 puntos habilitados na nosa comunidade autónoma

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Goberno galego adquirirá “un total de 888.000 doses da vacina antigripal para a próxima campaña de vacinación” por un importe total de 10.023.000 €, “e 55.000 doses da vacina do pneumococo mellorada”, por importe de 2.696.408 €. En total, o Goberno galego destinará máis de 12,7 millóns de € á compra de 943.000 doses destas vacinas.

O Consello da Xunta acordou na súa reunión de hoxe a adquisición das novas inxeccións co obxectivo de mellorar a protección e a prevención da poboación fronte ás enfermidades evitables mediante a súa inmunización.

Se no ano 2022, o Goberno galego reforzou as vacinas para os máis pequenos, incorporando no Calendario de Vacinación da poboación pediátrica a vacina da gripe, e aumentando os niveis de protección con outras vacinas, como a do virus do papiloma humano nos varóns de 12 anos ou a do meningococo B nos nenos de 2 e 4 meses; en 2023 o Goberno galego mellorará a inmunización dos nosos maiores, coa compra da vacina do pneumococo con maior protección e coa administración, a partir do mes de xuño, da vacina do herpes zóster aos maiores que cumplan 65 e 80 anos.

Vacinas da gripe

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No caso das vacinas da gripe, a Xunta quere garantir a próxima campaña de vacinación no preto de 900 puntos habilitados na nosa Comunidade autónoma.

A adquisición das 888.000 doses antigripais se adapta a cada grupo de idade. Tal e como explicou o presidente da Xunta, a compra para a vindeira campaña divídese en dous grupos. "Unhas 218.000 doses para os grupos máis vulnerables como os maiores de 80 anos ou persoas de máis de 60 que viven nunha residencia", sinalou e resaltou que se trata de 83.000 doses máis que as adquiridas na anterior campaña. Serán vacinas inactivadas producidas a partir de virus crecido en ovos embrionados, de virus fraccionados ou de antíxenos de superficie (H e N), de 60 microgramos de aglutinante, ou análogas.

A estas doses sumaranse, segundo explicou Rueda, "outras 670.000 doses" para a administrar á poboación pediátrica – de entre 5 e 59 meses-, á poboación de entre 60 e 79 anos e a persoas pertencentes a grupos de risco de entre 5 e 59 anos. Estas vacinas serán inactivadas, de virus fraccionados ou de antíxenos de superficie (H e N), ou análogas que conteñan 4 cepas do virus da gripe.

Esta vacina se oferta de maneira gratuíta á poboación e está especialmente indicada para as persoas incluídas nos grupos de risco -persoas maiores, mulleres embarazadas e cidadáns con condicións médicas que os predispoñan a padecer complicacións por esta enfermidade-.

Vacinas do pneumococo

Pola súa banda, Rueda resaltaou que a compra de 55.000 doses da vacina do pneumococo mellorada "garantirán maior protección da poboación fronte a enfermidades causadas por esta infección, como a meninxite pneumocócica e a pneumonía".

O Goberno galego destinará un total de 2.696.408 euros á adquisición destas vacinas, que protexerán fronte a 20 serotipos -fronte aos 13 serotipos que inclúen as actuais – reforzando así a inmunización de persoas de 65 anos e poboación de 18 ou máis anos pertencente a grupos de risco, que son os actuais destinatarios e que se inclúen no Programa Galego de Vacinación. "Trátase dunha vacina máis potente e que ofrece máis memoria inmune", indicou o presidente, quen resaltou que non hai unha campaña específica para a vacinación contra o pneumococo e que os interesados poden recibir a dose en calquera momento do ano.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A compra destas 55.000 doses dá tamén cumprimento ao anuncio feito polo Goberno galego a finais do mes de xaneiro no Parlamento, cando o conselleiro de Sanidade asegurou que a vacina contra 13 serotipos de pneumococo que a Xunta introduciu no 2017 será substituída por unha nova vacina contra 20 serotipos distintos, logrando a máxima protección para os maiores galegos contra a pneumonía e outras doenzas, como as infeccións de oído ou a bacteriemia.

Vacunación da poboación pediátrica e o calendario máis completo

Galicia conta co calendario de vacinación infantil máis potente de toda España, grazas a que a Xunta asume os custos que antes pagaban as familias. Tamén, na súa estratexia de vacinación, a Xunta agrupou a inmunización infantil e de adultos nun único calendario de vacinación para toda a vida, que recolle as recomendacións e pautas de inmunización ordinaria para as persoas desde o seu nacemento ata a idade adulta, e que entrou en funcionamento o 15 de setembro de 2022. Esta nova estratexia de vacinación integra os calendarios infantil e de adultos que xa existían, e inclúe as novas vacinas como a do virus do papiloma humano, a do meningococo e a da gripe para a poboación pediátrica. O novo calendario supón un aumento do investimento anual de 5 millóns de euros. O investimento total para o ano 2023 desta estratexia de vacinación á poboación superará os 23,6 millóns de euros.

Por outra banda, lembrar que a partir do mes de xuño a Xunta comezará a administrar a vacina contra o herpes zóster por grupos de idade. Ata o de agora só administrábase a determinados grupos de risco e agora ampliarase, comezando este ano polos maiores que cumpran 65 e 80 anos.

Datos de vacinación da gripe na campaña 2022-2023

Tal e como resaltou Rueda, a anterior campaña de vacinación da gripe “tivo unha gran resposta por parte da cidadanía”. Os datos indican que no caso das persoas de 65 e mais anos, no que se puxo un obxectivo de cobertura do 75%, obtívose unha cobertura final superior, ata chegar ao 76,03%.

No caso da vacinación infantil sistemática, que se implantou por primeira vez nesta campaña, acadouse un 54,97% de cobertura.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONVOCA CASE 18 MILLÓNS DE EUROS EN AXUDAS PARA O PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS RURAIS 2023-2024, CO QUE SE ACADA O ORZAMENTO MÁIS ALTO DESDE O ANO 2017

- O Consello da Xunta aprobou a próxima convocatoria destas achegas da Consellería do Medio Rural, que será publicada mañá no *Diario Oficial de Galicia*
- Tamén analizou o balance destas axudas no período 2016-2022, no cal se concederon máis de 104 millóns de euros, que se traduciron en preto de 5.000 camiños e en case 4.000 km de vías melloradas, co conseguinte beneficio para os residentes no rural, incluídos os axentes do sector primario
- A maiores, a Xunta está a traballar nun plan extraordinario para arranxar camiños en concentracións parcelarias, que estará dotado neste 2023 con 6 millóns de euros

O Consello do Goberno galego aprobou hoxe a convocatoria 2023-2024 das axudas da Consellería do Medio Rural correspondentes ao Plan de mellora de camiños rurais, dotadas con preto de 18 millóns de euros, que supoñen acadar o orzamento máis alto desde o ano 2017. Enmarcadas no Plan estratéxico da política agraria común (PAC) 2023-2027, estas axudas están cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e saíran publicadas mañá do *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

Así mesmo, a Xunta tamén fixo balance do realizado ao abeiro deste plan desde 2016, cando se arranxaron preto de 5.000 camiños, cun investimento superior aos 104 millóns de euros, co conseguinte beneficio para os residentes no rural de toda a comunidade e, en consecuencia, para o sector primario. A maiores, a Xunta está a traballar nun plan extraordinario para arranxar camiños en concentracións parcelarias, que estará dotado neste 2023 con 6 millóns de euros.

Sobre a nova convocatoria de axudas do Plan de mellora de camiños rurais, financiará nun 100 % os gastos subvencionables. Deste xeito, pódense subvencionar as actuacións de ampliación, mellora ou mantemento dos camiños que formen parte da rede viaria de acceso a unha ou varias entidades de poboación. Considéranse obras de ampliación aquelas que supoñan un incremento da largura que incidan na mellora da seguranza viaria, permitan o cruzamento de vehículos ou sobrelargos necesarios en zonas de curvas, de baixa visibilidade ou entroncamentos. Por outra banda, son actuacións de mellora aquelas que supoñan un reforzo do firme existente coa incorporación de novas capas máis axeitadas ás características do tráfico rodado que soportan.

Así, cada concello poderá presentar unha única solicitude de axuda con ata un máximo de tres proxectos e cada un destes proxectos poderá comprender un máximo de tres

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

actuacións. Neste sentido, enténdese por actuacións a intervención sobre un mesmo camiño, ou ben sobre varios, sempre e cando, neste último caso, as obras proxectadas teñan unha continuidade física.

Todos os proxectos que se presenten deberán cumprir unha serie de requisitos. En primeiro lugar, non deben estar iniciados antes da data de presentación da solicitude – aínda que si que poden comezar a executarse antes da resolución das axudas–. Neste senso, os proxectos deben desenvolverse no territorio galego, con excepción das parroquias clasificadas como zonas densamente poboadas.

Balance 2016-2022

O Consello da Xunta avaliou tamén o informe da Consellería do Medio Rural que fai balance sobre as convocatorias destas achegas entre 2016 e 2022. Constata que durante ese período a Xunta destinou máis de 104 millóns de euros para a mellora de 4.830 camiños, o que supón a intervención nun total de 3.800 quilómetros de vías rurais. Así, a media resultante é de 0,8 km/actuación.

Para a distribución dos fondos desta iniciativa, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural acordou coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) os criterios de repartición. Deste xeito, a partida dispoñible repártese en cada convocatoria entre os 313 concellos da Comunidade, partindo dunha asignación fixa por concello, que se incrementa en función do número de entidades de poboación e do número de habitantes do municipio. Ademais de ter en conta outros requisitos, na distribución dos fondos prímense –por exemplo– aqueles concellos que foron obxecto dun proceso de fusión municipal.

O Plan de mellora de camiños rurais persegue a mellora de infraestruturas co gallo de xerar cohesión social e territorial, mellorando as condicións de vida e de traballo no medio rural. Así, os camiños rurais facilitan a accesibilidade e vertebración do territorio, reforzan o tecido social e contribúen a mellorar a capacidade organizativa das áreas rurais, dinamizan o tecido produtivo e fixan poboación.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSARÁ A CONSTITUCIÓN DE COMUNIDADES ENERXÉTICAS E AXUDARALLES AOS CONCELLOS GALEGOS A REDUCIR A SÚA FACTURA

- O Consello da Xunta avaliou esta nova liña que, dotada con 600.000 euros, pretende ser un apoio no contexto actual de volatilidade do custo enerxético
- No caso das entidades locais, cubrirase o asesoramento técnico e xurídico para a mellora da eficiencia enerxética, así como a promoción de contratos centralizados de compra de enerxía
- A intensidade da axuda varía inicial entre o 30 e o 70 % en función do número de concellos agrupados, porcentaxes que mesmo se incrementarán no caso de concellos de menor poboación, fusionados ou emprendedores
- No caso das comunidades, apoiaranse os custos de asistencia para a definición das infraestruturas enerxéticas, así como a elaboración dos estatutos daquelas que estean en proceso de constitución
- O prazo de solicitude estará aberto desde o 28 de marzo ata o 1 de xuño
- Grazas á contratación centralizada a través de Redexga, a Xunta aforrou nos últimos tres anos un total de 81,53 millóns de euros na subministración eléctrica e 48,14 na de gas natural

O Consello da Xunta avaliou esta mañá a nova liña de axudas destinada á planificación enerxética de entidades locais e comunidades enerxéticas, unha convocatoria que permitirá reducir as súas facturas nesta materia.

Cun orzamento de 600.000 euros, a Administración autonómica pretende apoiar os concellos galegos nun momento de elevada volatilidade do custo enerxético e que está a provocar que estas entidades estean tendo problemas á hora de contratar a subministración, ao mesmo tempo que se impulsa o asociacionismo de todos os axentes da sociedade en comunidades enerxéticas para que participen no deseño e promoción de solucións locais que contribúan a un consumo responsable e sustentable.

Deste xeito, mediante a planificación enerxética de concellos, preténdese que as entidades locais teñan un papel protagonista nesta transición, apoiando tanto a contratación de servizos xurídicos ou técnicos precisos para a elaboración dun estudo estratéxico, como a promoción da contratación centralizada. A intensidade da axuda dependerá do número de concellos que se agrupen na solicitude e irá do 30 ao 70 %, cun 15 % adicional, se se trata de concellos de menos de 5000 habitantes ou de concellos fusionados, e cun 10 % se son emprendedores. Será dun máximo de 15.000 euros por concello e, no caso de entidades locais que representen a varios municipios, o máximo aumentará ata os 150.000.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En canto á planificación de comunidades enerxéticas, cubriranse os custos da contratación dos servizos de asistencia para definir as infraestruturas enerxéticas necesarias, así como a elaboración ou ampliación de estatutos, pois tamén se poden presentar solicitudes previas á constitución destes entes. Neste caso, a intensidade será do 80 %, cun máximo de 15.000 euros.

Os solicitantes poden escoller libremente as empresas que os asesoren. O Inega, dependente da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, elaborará unha listaxe de empresas interesadas en prestar servizos de planificación enerxética ás entidades locais e comunidades enerxéticas, que publicará na súa páxina web. O prazo para acceder a este apoios, que se resolverán por orde de solicitude, manterase aberto desde o 28 de marzo ata o 1 de xuño.

Redexga

Con esta convocatoria, a Xunta avanza nos obxectivos da Axenda enerxética de Galicia 2030, que recolle o impulso de comunidades enerxéticas tanto no desenvolvemento de enerxías renovables para a descarbonización dos diferentes sectores, como no incremento do aforro e mellora da súa xestión. Complementa, ademais, proxectos como a primeira comunidade enerxética empresarial que se está desenvolvendo en San Cibrao das Viñas e que ten como finalidade instalar paneis solares cunha potencia de 2 MW para beneficiar, inicialmente, 70 empresas.

Por outra banda tamén responde ao compromiso recollido no Plan de aforro e eficiencia enerxética no sector público e autonómico 2022-2024, que prevía a extensión dos contratos centralizados, como os de Redexga, aos concellos.

Grazas a este tipo de contratación e, a pesar da crise enerxética, a Xunta de Galicia logrou aforrar, entre 2020 e 2022, un total de 81,53 millóns de euros na subministración eléctrica e 48,14 na de gas natural con respecto ao que se tería pagado de non existir Redexga.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA ADQUIRE POR 13,9 M€ O COMPUTADOR CUÁNTICO MÁIS POTENTE DE ESPAÑA E UN DOS PRIMEIROS DE EUROPA

- A Xunta, a través da Axencia Galega de Innovación, financia esta infraestrutura, que se poñerá este ano en funcionamento no Centro de Supercomputación de Galicia
- O Goberno galego reforza así a súa aposta pola transición dixital do sistema produtivo e por contar coas mellores infraestruturas de investigación
- O contrato con Fujitsu inclúe a creación do Centro Internacional de Excelencia en Tecnoloxías Cuánticas en Galicia
- A iniciativa enmárcase dentro do Polo de tecnoloxías cuánticas de Galicia, no que xa están en execución investimentos por máis de 30 millóns de euros e que contribúe á captación e retención de talento, con máis dunha trintena de empregos xerados
- O obxectivo é posicionar a Comunidade á vangarda nesta tecnoloxía emerxente, que ten aplicacións en eidos como a medicina, o ambiente, a biotecnoloxía, a aeronáutica, a automoción, a loxística, as telecomunicacións ou as finanzas
- Permitirá aumentar a seguridade na transmisión de datos, planificar mellores rutas ou programar a produción, e favorecer a eficiencia enerxética

O Centro de Supercomputación de Galicia (Cesga) contrata a Fujitsu por 13,9 millóns de euros un dos primeiros computadores cuánticos de Europa, que será o máis potente de España e que constituirá a principal infraestrutura do Polo de tecnoloxías cuánticas que está a impulsar o Goberno galego, co obxectivo de colocar Galicia á vangarda neste eido, apoiar o ecosistema innovador e atraer talento investigador.

A Xunta financia este investimento a través da Axencia Galega de Innovación dentro da súa aposta pola transición dixital do sistema produtivo e por contar coas mellores infraestruturas de investigación. O computador, que estará aberto á investigación e á innovación de todos os sectores académicos e empresariais, complementa o investimento do supercomputador Finisterrae III, ao cal se destinaron 7,5 millóns.

A adquisición do computador cuántico enmárcase dentro do Polo de tecnoloxías cuánticas de Galicia, no cal xa están en execución investimentos por máis de 30 millóns de euros que xeraron máis dunha trintena de empregos, e co que se prevé un investimento total de 150 millóns de euros nos próximos anos.

A licitación, con fondos do programa React UE do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, foi aberta en xullo de 2022. A oferta presentada por Fujitsu inclúe, ademais do computador cuántico de 32 bits cuánticos baseado en tecnoloxía de supercondutores, diferentes infraestruturas complementarias e un plan de colaboración que facilitará o

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

impulso do Polo de tecnoloxías cuánticas de Galicia por medio da creación do Centro Internacional de Excelencia en Tecnoloxías Cuánticas en Galicia.

Así, Fujitsu colaborará coas universidades galegas na formación e retención de talento; desenvolverá plans de formación específicos para universidades e empresas, e elaborará proxectos de I+D conxuntamente con outras entidades galegas. A compañía activará, ademais, un programa de I+D en computación cuántica; impulsará bolsas formativas e desenvolverá casos de uso con empresas. Tamén se levará a cabo un proxecto de consultoría para identificar as industrias que máis se poden beneficiar desta tecnoloxía. Así mesmo, Fujitsu organizará anualmente un evento internacional sobre tecnoloxías cuánticas en Galicia, e creará un mínimo de cinco novos postos de traballo directos.

As tecnoloxías cuánticas actuarán como o elemento tecnolóxico disruptivo que acelerará o desenvolvemento económico en practicamente todos os sectores, ao dar lugar a innumerables aplicacións e avances en medicina, ambiente, biotecnoloxía, aeronáutica, automoción, loxística, telecomunicacións ou finanzas, entre outros. Estes avances, que terán un grande impacto na sociedade, están relacionados coa potencial capacidade e velocidade de procesamento dos ordenadores cuánticos, capaces de resolver problemas computacionais en moi pouco tempo en relación cos superordenadores clásicos.

Estratéxico para todos os sectores produtivos

Así, estas tecnoloxías emerxentes permitirán mellorar a seguridade na transmisión de datos; axudar a entender a estrutura e o comportamento de moléculas e materiais; resolver problemas de optimización como planificar mellores rutas, programar a produción e a asignación de recursos dunha fábrica; ou planificar a produción para a mellora da eficiencia enerxética, entre outros.

O novo computador cuántico, no marco do Polo de tecnoloxías cuánticas de Galicia, permitirá posicionar o ecosistema galego de I+D+i na vangarda dunha tecnoloxía innovadora e de gran futuro, captar e reter talento, atraer proxectos de I+D avanzados cara a Galicia, captar máis financiamento nacional e internacional e crear novos nichos de mercado no ecosistema empresarial galego. Esta infraestrutura permitirá crear unha comunidade investigadora arredor da computación cuántica que permita liderar avances nestas tecnoloxías, e ter unha vantaxe competitiva no futuro.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ADVIRTE QUE O GOBERNO DEBE ACHEGAR CERTEZAS E SEGURIDADE XURÍDICA AO SECTOR PESQUEIRO E Á INDUSTRIA PARA GARANTIR NO FUTURO O DESENVOLVEMENTO DA EÓLICA MARIÑA

- O Consello da Xunta avaliou esta mañá o Plan de ordenación do espazo marítimo (POEM), aprobado esta semana polo Consello de Ministros
- Galicia entende que o Executivo central debería dar explicacións e reunirse co Observatorio da Eólica Mariña para encontrar puntos de encontro, sempre baixo a premisa de garantir a compatibilidade entre as actividades tradicionais e o desenvolvemento da eólica mariña
- Coa información facilitada o Goberno galego entende que non se recolleron boa parte das alegacións presentadas que foron consensuadas co sector marítimo-pesqueiro e co tecido industrial galego
- Sen un marco legal adecuado e sen a convocatoria de poxas non é posible iniciar o desenvolvemento desta enerxía renovable
- Galicia tamén reclama que, para evitar afeccións sobre o territorio, se desenvolva un modelo centralizado en que os promotores compartan as infraestruturas de evacuación

O Consello da Xunta avaliou hoxe o Plan de ordenación do espazo marítimo (POEM), aprobado esta mesma semana polo Goberno central. Coa información feita pública polo Ministerio para a Transición Ecolóxica, a Administración autonómica entende que non se están achegando as certezaas necesarias para garantir en todos os supostos a compatibilidade do desenvolvemento eólico coa actividade marítimo-pesqueira.

Ante a falta de documentación, a Xunta considera necesario que o Goberno se reúna co Observatorio de Eólica Mariña –creado pola Administración autonómica e do cal forman parte o sector marítimo-pesqueiro e a propia industria vinculada á eólica mariña– para aclarar en que informes e datos se baseou para definir as zonas. É prioritario xerar certezaas, resolver as dúbidas existentes e explicar cal vai ser o proceso para o desenvolvemento desta enerxía.

O Executivo galego segue defendendo a necesidade de garantir a compatibilidade entre as actividades tradicionais e o desenvolvemento da eólica mariña. Por iso entende que o Goberno ten a oportunidade de avanzar nesta liña e encontrar puntos de encontro co Observatorio.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Xunta lamenta que o Goberno anunciase a proposta definitiva sen falar coas comunidades e cos sectores implicados. De feito, non tivo en conta boa parte das alegacións presentadas e consensuadas no marco do Observatorio e por iso hai unha serie de cuestións que en Galicia están a xerar incertezas e inseguridade xurídica, tanto entre os promotores como entre o sector pesqueiro.

Esperábase, entre outras cuestións, que se incorporase información máis detallada dos caladoiros existentes e non unha delimitación xeral. Tamén se precisa coñecer os motivos polos que se establece que a vixencia do POEM que se aprobou o martes en Consello de Ministros é ata o ano 2027. Esta falta de flexibilidade nos prazos obrigará a que os proxectos se tramiten de acordo con este plan, pero que a súa execución se leve a cabo, na maior parte dos casos, no marco dun POEM posterior e do que, polo tanto, en día de hoxe se descoñece se dará continuidade ao actual.

Neste sentido, para lograr un desenvolvemento real desta enerxía, o Plan de ordenación do espazo marítimo non é suficiente. Agora, o Goberno debe establecer un marco legal adecuado e convocar as poxas de lámina de auga para que os promotores se poidan presentar. Isto súmase –segundo os prazos establecidos pola UE– ao atraso de dous anos que xa leva o POEM, o que provoca que España vaia chegar unha década tarde con respecto ao resto de Europa. Mentres en Galicia xa se están fabricando e se está axudando á posta en marcha de parques de eólica mariña no resto de Europa, todo indica que en España non se empezarán a instalar os primeiros aerogeradores ata finais desta década.

En canto á normativa relativa a esta enerxía, Galicia tamén agarda unha rectificación e que se teñan en conta as achegas realizadas para adoptar un modelo de evacuación da enerxía centralizado, en que se obrigue aos promotores a compartir estas infraestruturas e que vaian ao mesmo punto de conexión, o que minimizaría o seu impacto e evitaría afeccións sobre o territorio.

A prioridade é a compatibilidade

Galicia segue apostando por un modelo baseado na busca da compatibilidade entre as actividades tradicionais e o desenvolvemento da eólica mariña; no diálogo e o consenso; no establecemento de alianzas; na aposta pola innovación e no impulso de toda a cadea de valor industrial. O obxectivo é facer de Galicia un referente tanto desde o punto de vista da xeración de enerxía como do desenvolvemento tecnolóxico e industrial asociado á eólica mariña flotante.

Galicia defendeu, desde un primeiro momento, que o desenvolvemento da eólica mariña ten que pasar pola compatibilidade coa actividade pesqueira e a preservación do ecosistema. Por iso, en xuño de 2021 se creou o Observatorio da Eólica Mariña de Galicia,

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

un foro estable de colaboración e diálogo entre os axentes implicados na súa implantación. A súa misión principal foi –e segue sendo– avaliar a coexistencia e compatibilidade desta tecnoloxía renovable coas actividades existentes a través de foros técnicos, a realización de estudos sobre oportunidades e impacto e a análise do potencial galego.

Por outra banda, Galicia tamén forma parte dunha alianza xunto con Asturias e Cantabria materializada no Clúster de Eólica Mariña Atlantic Wind, para colaborar en proxectos de demostración e impulso comercial desta tecnoloxía.

No desenvolvemento desta enerxía, a innovación ten un papel fundamental. Por iso, a Xunta de Galicia, a través do Inega, a Autoridade Portuaria da Coruña e Red Eléctrica, asinou un protocolo de actuación encamiñado a impulsar unha plataforma experimental de eólica mariña fronte ao porto exterior da Coruña. Esta infraestrutura singular de ensaio permitirá examinar prototipos flotantes e realizar estudos relacionados co medio mariño e coa biodiversidade.

Cómpre lembrar que o POEM especifica que as instalacións de I+D+i relacionadas coa experimentación de infraestruturas de aproveitamento de enerxías renovables –como é o caso da plataforma experimental que se propón desde Galicia– poderán localizarse en zonas que non sexan de alto potencial, sempre que sexan obxecto da súa correspondente tramitación administrativa, ambiental e de autorización.

Potencial a nivel industrial

De xeito paralelo, a Administración autonómica tamén quere impulsar o potencial do eixe noroeste galego en canto centro industrial e loxístico vinculado á enerxía eólica mariña. Trátase de aproveitar as capacidades existentes e complementar toda a cadea de valor industrial coas novas oportunidades que achegan proxectos tractores interesados en implantarse na Comunidade.

É o caso de iniciativas como a fábrica de monoestacas XXL de Navantia e Windar con Iberdrola, ou a planta de produción de compoñentes de eólica mariña nas Somozas, que acaba de anunciar Nervión Naval Offshore e que complementará o proxecto que xa tiña anunciado no porto exterior de Ferrol. Neste ámbito, tamén se contabilizan iniciativas propostas para a fabricación de grandes compoñentes e a construción de estruturas de formigón flotante no porto exterior da Coruña.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Deste xeito, esta área comprendida entre A Coruña e Ferrolterra pode converterse nun importante polo tanto de innovación como industrial no eido das enerxías mariñas e o almacenamento enerxético, e situará Galicia nun referente no ámbito internacional.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

PRETO DE 300 PROXECTOS OPTAN ÁS AXUDAS DA ORDE DE INFRAESTRUTURAS MUNICIPAIS IMPULSADA POLO GOBERNO GALEGO

- O Consello da Xunta informou hoxe das propostas presentadas polos concellos galegos a esta convocatoria dotada con 3,5 M€
- A través desta liña de apoio impúlsase a creación e mellora de instalacións e equipamentos vinculados á prestación dos servizos municipais

O Consello da Xunta informou hoxe sobre os proxectos presentados polos concellos galegos para optar ás axudas da Orde de infraestruturas de uso público, tras o peche do prazo da convocatoria o pasado 20 de febreiro. Segundo o documento, 275 propostas optan a recibir as subvencións ao abeiro desta liña de apoio dotada con 3,5 M€ e que beneficiou o pasado ano máis dun cento de iniciativas en todo o territorio galego.

A meirande parte dos proxectos foron presentados por concellos de Ourense, con 90, seguidos dos da Coruña, con 70, de Lugo, con 62 e de Pontevedra, con 53.

A través desta iniciativa dirixida a concellos de menos de 30.000 habitantes, a Xunta cofinancia a creación ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais. Inclúense así actuacións nas redes de luz pública, camiños municipais, parques infantís e edificios ou dependencias destinadas á prestación de servizos municipais. A axuda máxima pode cubrir ata o 80 % do orzamento total da actuación.

Deste xeito, durante o exercicio 2023 as entidades locais contarán novamente co apoio da Xunta a través desta liña de axudas, que ten como obxectivo garantir o equilibrio no territorio galego entre o medio rural e o urbano, o interior e a costa, a prol do desenvolvemento económico do territorio e que a poboación galega teña unhas óptimas condicións de vida con independencia do seu lugar de residencia.

A medida súmase ao Fondo de Compensación Ambiental, dotado con máis de 11 M€ e destinado a impulsar accións de protección e mellora do medio natural no eido local, e á nova liña de axudas específicas para a mellora da eficiencia enerxética, que se convocará proximamente cun orzamento de 2,6 M€.

Balance de 2022

Ao abeiro da anterior convocatoria da orde de infraestruturas, no ano 2022 cofinanciáronse en Galicia 108 actuacións, a maioría relacionadas coas melloras nos edificios ou dependencias municipais. Os 30 proxectos deste tipo supuxeron unha

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

achega superior aos 812.102 euros. Destacan tamén as 29 actuacións en parques infantís por case 959.362 euros, co obxectivo de ofrecerlles ás familias e á rapazada espazos de lecer.

Para mellorar a calidade de vida nos núcleos rurais dos municipios, tamén se concederon 24 axudas para a pavimentación de camiños públicos, que sumaron 890.746 euros, e 18 relacionadas coa posta en marcha ou o acondicionamento de instalacións deportivas municipais, cunha achega global de 603.153 euros. Os sete proxectos restantes combinaron distintas tipoloxías e representaron unha suma de 226.523 euros.

A provincia da Coruña foi a que máis axudas recibiu, con 31, seguida de Ourense, con 27, e de Lugo e Pontevedra, con 25 cada unha delas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A POLICÍA AUTONÓMICA REALIZOU MÁIS DE 16.000 ACTUACIÓNS A PROL DA SEGURIDADE VINCULADAS Á CELEBRACIÓN DO XACOBEO 21-22

- A actividade da UPA neste eido duplicouse en 2022 con respecto ao ano anterior e centrouse sobre todo en dispositivos e inspeccións
- A maiores, as inspeccións desenvolvidas nas distintas rutas xacobeas superaron as 5.000, a meirande parte delas nos camiños francés, portugués e na Vía da Prata

O Consello da Xunta informou hoxe das actuacións levadas a cabo pola Policía Autonómica (UPA) a prol da seguridade en relación coa celebración do Xacobeo 21-22, que suman máis de 16.000. A maiores, realizáronse máis de 5.000 inspeccións nas distintas rutas xacobeas, a meirande parte delas nos camiños francés, portugués e na Vía da Prata. A través destas accións garantiuse o desenvolvemento pacífico e ordenado na actividade vinculada á celebración do ano santo, así como a seguridade e liberdade das persoas que peregrinaron ou visitaron Compostela.

O número de actuacións duplicouse en 2022 con respecto ao ano anterior, con 10.463 e 5.770 realizadas, respectivamente. Os dispositivos centraron a maioría delas, con 7.399, seguidos das inspeccións, con 5.484. As restantes actividades desenvolvidas foron patrullas, identificacións, auxilio humanitario ou informes, entre outras.

Canto ás inspeccións nas rutas xacobeas, no Camiño Francés houbo 1.915, no Portugués 1.446 e na Vía da Prata 1.191. Séguenlles, xa de lonxe, o Camiño Inglés, con 213, o Camiño Fisterra Muxía, con 209, e o do Norte, con 51. O do Mar de Arousa e Primitivo sumaron 33 e 14 inspeccións cada un deles.

O incremento da actividade rexistrado en 2022 responde ás eliminacións das restricións derivadas da pandemia durante o primeiro ano de celebración do Xacobeo. O aumento viuse reforzado, ademais de pola dedicación diaria das patrullas, pola introdución de servizos extraordinarios as fins de semana por parte da UPA, dado o alto número de persoas que estaban a facer o Camiño e para conseguir unha cobertura integral todos os días do ano.

Así, realizáronse actuacións en materia de seguridade nos desprazamentos dos peregrinos, nos actos institucionais, culturais, sociais, deportivos ou de calquera outro tipo relacionados co evento, e nas visitas de autoridades, entre outras, moitas delas en coordinación coas demais forzas e corpos de seguridade.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Dentro dos operativos de seguridade, cómpre destacar a actividade preventiva dos distintos grupos da UPA, centrada na patrulla habitual en vehículos todo terreo, especialmente equipados para tal fin e cunha dotación mixta. Actúase así con capacidade para afrontar calquera tipo de incidencia, como as referidas á muller, a menores, ao patrimonio ou ao ambiente.

A unidade conta tamén cunha furgoneta especialmente adaptada para a recollida de denuncias e atención aos peregrinos nos propios itinerarios dos camiños. Ademais, tense coñecemento puntual de todas as denuncias ou incidencias importantes ocorridas no Camiño antes de entrar en Galicia, grazas á colaboración con todos os servizos autonómicos implicados na celebración do ano santo.

A vixilancia das rutas xacobeas é unha das funcións asumidas recentemente pola Policía Autonómica e que precisa de persoal operativo permanente, como acontece coa loita contra o furtivismo ou os delitos relacionados contra o ambiente. Nesta liña, cómpre destacar o compromiso da Xunta con estas novas responsabilidades da UPA malia a continua redución de efectivos, cun total de 362 axentes, o 73 % dos 500 que lle corresponderían, motivo polo que o Goberno galego xa lle reclamou en reiteradas ocasións ao Ministerio do Interior que cubra as prazas vacantes.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CASE UNHA DE CADA CATRO EMPRESAS TECNOLÓXICAS DE GALICIA DECLARA QUE SUFRIU UN INCIDENTE DE SEGURIDADE INFORMÁTICA EN 2021

- O Consello recibiu hoxe un informe da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia sobre o estado da ciberseguridade na nosa Comunidade
- Ferrol, cun 34,4 %, é a cidade galega en que a poboación declara sufrir máis incidentes de ciberseguridade
- Case o 64 % da poboación galega asegura ter competencias avanzadas nesta materia, un punto máis que a media española
- Practicamente o 70 % das persoas que se conectan á internet en Galicia utilizan algún tipo de ferramenta de protección
- Dous terzos dos concellos de Galicia non teñen coñecemento da obriga de comunicar datos de ciberseguridade
- O 30 % das empresas de 10 ou máis empregados demanda expertos en ciberseguridade ou pensa facelo no futuro

Un 23 % das empresas tecnolóxicas de Galicia declaran ter sufrido un incidente de seguridade informática en 2021, segundo o informe sobre o estado da ciberseguridade na nosa Comunidade elaborado pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, que hoxe foi presentado ao Consello da Xunta.

Segundo o informe, «esta alta incidencia nun sector que ten un alto grao de especialización demostra a grande importancia do uso de ferramentas de defensa, xa que as incidencias afectan todo tipo de empresas».

O documento presentado hoxe recompila, revisa e analiza os indicadores relacionados coa seguridade da información dispoñibles nas fontes oficiais, como o Instituto Nacional de Estatística (INE), o Instituto Galego de Estatística (IGE) ou o Observatorio da Sociedade da Información e da Modernización de Galicia (Osimga). En concreto, analiza datos referentes á cidadanía, aos concellos galegos e ás empresas. Tamén inclúe un punto específico para analizar os indicadores do mercado laboral da ciberseguridade.

Cidadanía

O informe destaca que o 64 % das persoas usuarias da internet en Galicia afirman que posúen competencias dixitais avanzadas en materia de ciberseguridade, case un punto por riba da media española. Esta porcentaxe elévase ata o 78 % no caso de persoas con idades comprendidas entre os 16 e os 24 anos. Soamente un 15 % da poboación recoñece

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

non ter ningún tipo de competencias de seguridade dixital, unha porcentaxe inferior á media nacional, que é dun 18 %.

Ferrol é o concello onde se rexistrou unha maior porcentaxe de persoas que tiveron un incidente de ciberseguridade nos seus dispositivos particulares, o que acada unha porcentaxe de ata un 34,4 %.

Entre as persoas galegas usuarias da internet, unha cifra próxima ao 9 % asegura que sufriu algunha perda de información como consecuencia dun virus no seu teléfono móbil. Neste sentido, dous terzos da poboación galega con acceso á internet utilizou algún servizo de seguridade nos seus dispositivos electrónicos.

Concellos

O informe presentado hoxe destaca que dous terzos dos concellos galegos non teñen coñecemento da obriga de comunicar datos de ciberseguridade a través da ferramenta INES do Centro Criptolóxico Nacional. Mentres a totalidade dos concellos de máis de 50.000 habitantes coñecen o INES, só dous de cada tres destes concellos fan uso del. No caso dos concellos de menos de 5.000 habitantes, máis do 40 % dos que coñecen a ferramenta fan uso dela.

Lugo é a provincia que fai un maior uso da ferramenta INES dentro dos concellos que a coñecen. A Coruña (37,6%) e Ourense (36,7%) manteñen unha proporción similar de uso, mentres que Pontevedra é a provincia en que hai menos emprego da ferramenta, aínda que o seu coñecemento é moi elevado.

No último ano analizado, o 4,2 % dos concellos galegos sufriu polo menos un incidente de ciberseguridade. Os concellos de máis de 50.000 habitantes, cun 28,6%, son os que máis incidentes declaran, catro veces máis que os concellos máis pequenos.

Entre os métodos empregados para identificar o persoal acreditado en múltiples niveis da Administración pública o máis común é o nome de usuario e contrasinal, cun uso de 78 %. Outras medidas, como o uso de técnicas biométricas, soamente foron utilizadas polo 0,8 % do persoal pertencente á Administración pública.

Empresas

O informe pon de manifesto a crecente necesidades de expertos en ciberseguridade nas empresas de Galicia. Esta demanda é especialmente significativa no caso das empresas de 10 ou máis empregados, que nun 30 % sinalan que demandan traballadores en

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

ciberseguridade ou pensan facelo no futuro. Esta porcentaxe redúcese ao 5 % no caso das empresas de ata 9 empregados.

O 90 % das empresas de dez ou máis empregados declaran que fan uso de medidas de seguridade informática.

En xeral, as estafas e os virus foron as incidencias máis habituais nos últimos tres anos, con porcentaxes de cerca do 60 % nas primeiras e do 30 % dos segundos. O informe indica que é importante sinalar a tendencia crecente das estafas e a evolución contraria dos virus. A terceira incidencia máis frecuente é o roubo de identidade, cunha porcentaxe dun 15 %.

Por outra banda, a porcentaxe de empresas TIC galegas que en 2021 ofreceron servizos e produtos de ciberseguridade é próxima ao 23 %. A estimación actual é que esta cifra poida seguir aumentando nos próximos anos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA RECUPEROU NO 2022 O NIVEL DO PIB DA PREPANDEMIA, ANTES CA MEDIA DE ESPAÑA

- A economía galega medrou un 3,8% o ano pasado, superando en dúas décimas as previsións do cadro macroeconómico da Comunidade
- O emprego medrou un 2,2% no conxunto do ano, e superou o número de postos de traballo a tempo completo de antes da pandemia

Galicia recuperou no 2022 o nivel do PIB da prepandemia, antes que a media de España que, segundo as previsións, o fará nos próximos trimestres. A economía galega medrou un 3,8% o ano pasado, superando en dúas décimas as previsións do cadro macroeconómico da Comunidade, boa proba do realismo e a prudencia nas estimacións dos orzamentos autonómicos. Así se desprende dun informe sobre o PIB en Galicia no ano 2022 presentado hoxe ao Consello da Xunta polo conselleiro de Facenda e Administración Pública, Miguel Corgos.

O documento precisa que a debilidade dos mercados exteriores e o nivel máis adiantado da saída da crise de Galicia explica a evolución da economía galega o pasado exercicio. E salienta que o PIB per cápita mantén a súa senda de converxencia, alcanzando o 92% do de España, o que supón case 2 puntos máis que no ano 2019.

Así mesmo, sostén que os niveis de crecemento de Galicia converxen cos de España, a medida que a media nacional recupera os niveis prepandemia e se superen as distorsións que está a provocar a guerra de Ucraína sobre o sector exterior galego.

Estes datos permiten avanzar un comportamento intertrimestral xa no 2023 por riba do esperado.

Desde o punto de vista da demanda, o texto explica que, no ano 2022, destaca a fortaleza da demanda externa que achegou 3,7 puntos porcentuais, medrando por riba das previsións.

No que respecta á oferta, os servizos medraron un 5,8%, cun maior incremento no apartado de comercio, transporte e hostalería (+17,4%) e en información e comunicacións (12,6%); ademais da aportación do sector primario en Galicia, que é positiva (+0,6%, fronte ao valor negativo de España) e da construción, que recupera valores positivos (+0,7%).

Recuperación do emprego prepandemia

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En termos de emprego, no conxunto do ano 2022, creáronse 21.960 postos de traballo equivalentes a tempo completo (PTETC), aumentando un 2,2% con respecto ao anterior exercicio. Este volume confirma o dato que xa se perfilaba no primeiro trimestre do ano, no que xa se superara o número dos postos de traballo da economía galega antes da pandemia.

O aumento do emprego rexistrouse sobre todo no sector servizos, nas ramas de comercio, transporte e hostalería (+5,1%) e información e comunicación (3,6%).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COMPLETARÁ EN 2023 A REDE GALEGA DE INFRAESTRUTURAS PARA A XESTIÓN DA MATERIA ORGÁNICA, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE 40 M€

- O obxectivo é axudar os concellos, que son os que teñen as competencias en materia de xestión de residuos, a cumprir a lexislación vixente sobre a implantación da recollida diferenciada da materia orgánica a través do contedor marrón
- Estará composta por 4 instalacións para o tratamento de biorresiduos e 13 plantas de transferencia, das cales 6 serán de nova construción e 7 serán remodeladas
- A previsión é que as plantas de biorresiduos de Cervo e Verín entren en funcionamento no primeiro semestre do ano e a de Vilanova de Arousa a final de ano
- O Goberno galego pretende que a maior parte dos concellos adheridos a Sogama contén cunha planta de xestión a menos de 50 quilómetros de distancia

A posta en marcha en 2023 da Rede de infraestruturas para a xestión da materia orgánica, impulsada pola Xunta de Galicia e executada por Sogama, suporá un investimento de 40 millóns de euros, cofinanciado con Fondos Feder REACT EU como resposta da Unión Europea á crise da COVID-19.

Cómpre salientar que, aínda que as competencias en materia de xestión de residuos son das administracións locais, o Goberno galego mantén o obxectivo de colaborar cos concellos para o cumprimento da lexislación vixente sobre a implantación da recollida diferenciada da materia orgánica contida nos residuos urbanos (FORSU) a través do quinto contedor, de cor marrón, que, segundo a normativa europea, fixa o 31 de decembro de 2023 como prazo límite para a súa instalación.

Deste xeito, unha vez concluídas as obras, os concellos galegos adheridos a Sogama terán acceso a unha rede composta por 4 infraestruturas para o tratamento de biorresiduos e 13 plantas de transferencia, das cales 6 serán de nova construción e 7 serán remodeladas.

Así, no que atinxe ás plantas de biorresiduos, xa está en funcionamento a localizada en Cerceda (A Coruña) e a previsión da Xunta é que no primeiro semestre deste ano estean operativas as de Cervo (Lugo) –xa rematada e só pendente das probas de carga e que dará servizo a 15 concellos cunha poboación estimada de máis de 69.000 habitantes– e a de Verín (Ourense) –que atenderá 22 municipios, o que supón algo máis de 48.000 cidadáns–. A planta de Vilanova de Arousa terá capacidade para dar servizo a 26 concellos e estímase a súa entrada en servizo no último trimestre de 2023.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No caso das plantas de transferencia de apoio, son de nova construción as da Lama, Arbo, Cee, Curtis, Ponteceso e Riotorto e todas elas estarán en funcionamento no segundo semestre deste ano.

Por outra banda, outras 7 plantas serán reformadas para adaptalas aos requisitos de tratamento destes residuos. Delas, xa está rematada a de San Cibrao das Viñas, que poderá comezar a recibir materia orgánica en canto os concellos implanten o contedor marrón. As seis restantes –A Rúa, Silleda, O Porriño, Vigo, Lugo e Narón– están en diferentes fases de adaptación co obxectivo de que entren en funcionamento antes de que remate 2023.

Estas instalacións contarán, tras o proceso de adaptación, cunha moega diferenciada para o transvasamento da materia orgánica dos camións de recollida a contedores de maior capacidade, que serán transportados ata a planta de biorresiduos máis próxima.

Deste xeito, a Xunta cumpre o obxectivo de que a maior parte dos concellos adheridos a Sogama contén cunha planta de biorresiduos ou transferencia a menos de 50 quilómetros de distancia, unha circunstancia que tamén suporá non só un aforro de custos, senón tamén unha redución das emisións de CO² ao diminuír o transporte de mercadorías por estrada.

Ademais, o Goberno galego porá á disposición dos municipios os medios necesarios para que, tal e como establece a normativa, poidan converter a materia orgánica en compost, que será utilizado como fertilizante natural na agricultura e na xardinaría.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA FAI PÚBLICA A PREVISIÓN DE DATAS DOS EXAMES DA OFERTA PÚBLICA DE EMPREGO ORDINARIA E DE ESTABILIZACIÓN DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

- Ofértanse un total de 5.688 prazas, delas 3.873 por concurso-oposición para acceso ao emprego público con vínculo fixo, e 1.815 por concurso de méritos, sen necesidade de exame
- As probas para as prazas por concurso-oposición terán lugar entre xuño de 2023 e febreiro de 2024 no recinto feiral de Silleda
- Os procesos por concurso de méritos estarán resoltos antes do mes de outubro, e con anterioridade nas categorías de enfermaría e persoal médico de familia
- Hai máis de 55.000 profesionais inscritos
- As convocatorias teñen por obxecto controlar e reducir a taxa de temporalidade e acadar, no ano 2024, unha taxa por debaixo do 8 %

A Xunta de Galicia avanza no proceso de consolidación de emprego público no eido sanitario. Así, o Consello da Xunta realizado hoxe coñeceu o informe sobre a previsión de datas dos exames da oferta pública de emprego ordinaria e de estabilización convocada polo Servizo Galego de Saúde, que oferta un total de 5.688 prazas por concurso de méritos e por concurso-oposición correspondentes a 65 categorías profesionais, tanto do Servizo Galego de Saúde como de entidades adscritas.

Das case 5.700 prazas, un total de 3.873 son prazas de concurso-oposición para acceso ao emprego público con vínculo fixo, mentres que 1.815 se ofertan para concurso de méritos, estas últimas sen exame.

Esta oferta pública de emprego inclúe prazas ofertadas no ano 2022 nos decretos 81/2022 e 82/2022, do 25 de maio, de estabilización pública extraordinaria para a estabilización do emprego temporal do persoal do Sistema público de saúde de Galicia, en desenvolvemento da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, así como as prazas incluídas en anteriores ofertas públicas de emprego ordinaria que estaban pendentes de convocar, para acumulalas ao mesmo proceso selectivo, en prol da eficiencia na tramitación dos procesos selectivos.

No contexto da estabilización, a nota de corte do exercicio da parte específica redúcese con respecto a convocatorias precedentes, e pasa do 50 % ao 35 %, xa que o exercicio eliminatorio se considerará aprobado acadando unha puntuación do 35 % do seu valor, é dicir, 17,500 puntos sobre a puntuación máxima de 50 puntos do exercicio. Mantéñense as porcentaxes do 60 % e 40 % da fase de oposición e concurso, respectivamente, como

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

en anteriores procesos.

Datas das probas por concurso-oposición

Os exames previstos para as prazas por curso-oposición para acceso ao emprego público con vínculo fixo, que se realizarán no recinto feiral de Silleda, afectan 65 categorías e clases, 55 de persoal estatutario e 10 de persoal funcionario da Lei 17/1989.

Son un total de 3.873 prazas, entre as cales se inclúen, entre outras, 1.726 prazas de enfermaría –1.556 de enfermaría e 170 prazas de enfermaría especialista–, 789 prazas de técnico en coidados auxiliares de enfermaría, 306 de celadores, 196 de persoal de servizos xerais, 155 prazas de facultativos especialistas en diversas especialidades, máis 150 prazas de médicos de familia, 70 prazas de fisioterapeutas ou 17 de odontólogos.

Os primeiros exames terán lugar no mes de xuño, onde se examinará o persoal sanitario da categoría estatutaria de enfermeiro/a que presta servizos en institucións sanitarias do Sistema público de Galicia e 10 clases de persoal funcionario: inspector médico, farmacéutico inspector de saúde pública, licenciado en Ciencias Biolóxicas, licenciado en Psicoloxía, ATS/DUE, licenciado en Farmacia, licenciado en Medicina e Cirurxía, licenciado en Ciencias Químicas, subinspector sanitario e inspector farmacéutico.

Na primeira semana de novembro realizarán os exames os técnicos en coidados auxiliares de enfermaría e o persoal de servizos xerais (PSX), e terán lugar tamén nestas categorías os exames da quenda de discapacidade intelectual.

Na terceira semana de decembro está previsto realizar os exames que afectan 41 categorías de persoal facultativo especialista de área (34 especialidades médicas), médico de admisión e documentación clínica, médico asistencial do 061, médico coordinador do 061, médico de familia de atención primaria, odontólogo de atención primaria, grupo auxiliar da función administrativa e celador, incluíndo a quenda de discapacidade intelectual.

Na primeira semana de febreiro de 2024 rematarán os exames de estabilización de persoal coa realización dos exercicios de 11 categorías de persoal enfermeiro especialista en enfermaría de familia e comunitaria, enfermeiro especialista en enfermaría obstétrico-xinecolóxica (matrón/a), enfermeiro especialista en enfermaría pediátrica, enfermeiro especialista en enfermaría de saúde mental, fisioterapeuta, terapeuta ocupacional, técnico superior en hixiene bucodental, técnico superior en imaxe para o diagnóstico, enxeñeiro técnico, técnico de xestión de sistemas e tecnoloxías da información e técnico superior de sistemas e tecnoloxías da información.

Concurso de méritos

De maneira paralela a estes procesos vaise desenvolver o proceso selectivo polo sistema de concurso de méritos, que afecta 97 categorías de persoal estatutario e 3

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

clases de persoal funcionario. Serán un total de 1.815 prazas e un proceso en que participan máis de 10.000 aspirantes.

Do total destas prazas, hai 468 de persoal de enfermaría –459 de enfermaría e 9 de enfermaría especialista–, 119 prazas de celador, 343 prazas de facultativo especialista de hospital de diversas especialidades –deles 24 especialistas en pediatria, 23 especialistas en psiquiatría, 26 especialistas en anestesia e 16 especialistas en farmacia hospitalaria, e ofértanse ademáis outras categorías de facultativos, como 42 médicos especialistas en medicina familiar e comunitaria e 32 médicos de urxencias hospitalarias–. Tamén se inclúen 277 técnicos en coidados auxiliares de enfermaría.

Está previsto que no mes de marzo saian as listas de admitidos do concurso de méritos de enfermaría e persoal médico de familia. Os procesos por concurso de méritos estarán resoltos antes do mes de outubro, e nestas dúas categorías citadas os procesos estarán resoltos con anterioridade co fin de evitarlles o exame ás persoas que xa aproben por concurso de méritos.

Estas convocatorias teñen por obxecto controlar e reducir a taxa de temporalidade no Sistema sanitario público de Galicia para rebaixar a taxa actual e acadar, no ano 2024 e tras a execución dos procesos previstos, unha taxa por baixo do 8 %, como marca a Lei 20/2022.

PREVISIÓN DE DATAS DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE		
Categoría / Especialidade	Data	Lugar
Enfermeiro/a	Xuño (3ª semana)	Recinto Feira Internacional de Galicia
Clase inspector/a médico/a		
Clase farmacéutico/a inspector/a de saúde pública		
Clase licenciado/a en Ciencias Biolóxicas		
Clase licenciado/a en Psicoloxía		
Clase ATS/DUE.		
Clase licenciado/a en Farmacia		
Clase licenciado/a en Medicina e Cirurxía		
Clase licenciado/a en Ciencias Químicas		
Clase subinspector/a sanitario/a		
Clase inspector/a farmacéutico/a		
Técnico/a en coidados auxiliares de enfermaría	Novembro	Recinto Feira Internacional de Galicia
Técnico/a en coidados auxiliares de enfermaría		

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Quenda disc. intelectual	(1ª semana)	Abanca Silleda Pontevedra
Persoal de servizos xerais		
Persoal de servizos xerais quenda disc. intelectual		
Facultativo/a especialista en alergoloxía	Decembro (3ª semana)	
Facultativo/a especialista en anatomía patolóxica		
Facultativo/a especialista en anestesioloxía e reanimación		
Facultativo/a especialista en anxioloxía e cirurxía vascular		
Facultativo/a especialista en aparello dixestivo		
Facultativo/a especialista en cardioloxía		
Facultativo/a especialista en cirurxía cardiovascular		
Facultativo/a especialista en cirurxía oral e maxilofacial		
Facultativo/a especialista en cirurxía pediátrica		
Facultativo/a especialista en cirurxía plástica, estética e reparadora		
Facultativo/a especialista en cirurxía torácica		
Facultativo/a especialista en cirurxía xeral e do aparello dixestivo		
Facultativo/a especialista en dermatoloxía médico-cirúrxica e venereoloxía		
Facultativo/a especialista en endocrinoloxía e nutrición		
Facultativo/a especialista en hematoloxía e hemoterapia		
Facultativo/a especialista en medicina física e rehabilitación		
Facultativo/a especialista en medicina intensiva		
Facultativo/a especialista en medicina interna		
Facultativo/a especialista en medicina preventiva e saúde pública		
Facultativo/a especialista en microbioloxía e parasitoloxía		Decembro (3ª semana)
Facultativo/a especialista en nefroloxía		
Facultativo/a especialista en neurocirurxía		
Facultativo/a especialista en neuroloxía		
Facultativo/a especialista en oftalmoloxía		
Facultativo/a especialista en oncoloxía médica		
Facultativo/a especialista en otorrinolaringoloxía		
Facultativo/a especialista en pediatría e as súas áreas específicas		
Facultativo/a especialista en pneumoloxía		
Facultativo/a especialista en psicoloxía clínica		
Facultativo/a especialista en psiquiatría		Recinto Feira Internacional de Galicia Abanca Silleda
Facultativo/a especialista en radiodiagnóstico		
Facultativo/a especialista en reumatoloxía		

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Facultativo/a especialista en uroloxía	Pontevedra	
Facultativo/a especialista en xeriatria		
Médico/a admisión e documentación clínica		
Médico/a asistencial do 061		
Médico/a coordinador do 061		
Médico/a de familia de atención primaria		
Odontólogo de atención primaria		
Celador/a		
Celador/a quenda de discapacidade intelectual		
Grupo auxiliar da función administrativa		
Enfermeiro/a especialista en enfermaría familia e comunitaria		Febreiro 2024 (1ª semana)
Enfermeiro/a especialista en enfermaría obstétrico-xinecolóxica (matrón/a)		
Enfermeiro/a especialista en enfermaría pediátrica		
Enfermeiro/a especialista en enfermaría de saúde mental		
Fisioterapeuta		
Terapeuta ocupacional		
Técnico/a superior en hixiene bucodental		
Técnico/a superior en imaxe para o diagnóstico		
Enxeñeiro/a técnico/a		
Técnico/a xestión de sistemas e tecnoloxías da información		
Técnico/a superior de sistemas e tecnoloxías da información		

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA CONSOLIDA O OBOXECTIVO DE CORTAS MARCADO PARA FINAIS DE 2025 NO PLAN FORESTAL DE GALICIA 2021-2040 AO SUPERAR OS 11 MILLÓNS DE M³ DE APROVEITAMENTOS MADEIRABLES NO PASADO ANO

- O Consello da Xunta avaliou hoxe un informe da Consellería do Medio Rural en que se confirma que a nosa Comunidade aglutina a metade das cortas de España, cuns ingresos asociados en 2022 de 365 millóns de euros
- Ademais, tal e como se desprende do informe, é previsible que dentro de 10 anos se alcance o nivel de cortas de madeira de 12 millóns de metros cúbicos ao ano
- A Xunta impulsa os aproveitamentos forestais madeireiros a través dun áxil sistema de permisos, mediante autorizacións e declaracións responsables, que sitúa Galicia como referente da Administración forestal electrónica en toda España
- O Goberno galego aposta por unha xestión activa, pero sostible, baseada nun monte multifuncional e con futuro e, para iso, establece diversas liñas de axudas que potencian este sector produtivo

Galicia contou en 2022 con máis de 11 millóns (11.016.649,58) de metros cúbicos de aproveitamentos madeireiros. Así se recolle no informe elaborado pola Consellería do Medio Rural que coñeceu hoxe o Consello da Xunta. O documento sinala que con esta cifra se supera amplamente o obxectivo marcado na primeira revisión do Plan forestal de Galicia 2021-2040 'Cara á neutralidade carbónica' para o final do ano 2025, que establecía un nivel de cortas de madeira de 10 millóns de metros cúbicos por ano.

Neste senso, en 2022 o volume de madeira dos expedientes de aproveitamentos madeireiros en Galicia tivo un incremento do 9,92% respecto ao ano anterior (10.022.184,47 m³), unha tendencia á alza que se mantén desde o ano 2015. Precisamente, Galicia aglutina a metade das cortas de madeira que se realizan no territorio español. Ademais, tal e como se desprende do informe, a nosa Comunidade márcase como obxectivo que, dentro de 10 anos, se teña acadado o nivel de cortas de madeira de 12 millóns de metros cúbicos ao ano.

Neste senso, cabe destacar que a Consellería do Medio Rural impulsa os aproveitamentos forestais madeireiros a través dun áxil sistema de permisos, mediante autorizacións e declaracións responsables, que sitúa a Comunidade Autónoma como referente da Administración forestal electrónica en toda España.

De feito, o número total de expedientes rexistrados en 2022 en aproveitamentos madeireiros en montes de xestión privada foron 58.921, dos cales 41.136 foron de tipo

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

declaración responsable e 17.785 de tipo autorización. En canto a montes de xestión pública, os expedientes foron 183.

Desagregación dos datos

Destes máis de 11 millóns de m³ de madeira do ano 2022, uns 10,7 millóns de m³ pertencen a aproveitamentos madeireiros en montes de xestión privada e 253.303,11 m³ a aproveitamentos madeireiros en montes de xestión pública. O valor destas cortas supuxo un ingreso duns 356 millóns de euros, dos cales 350 millóns de euros corresponden ás cortas privadas.

Se analizamos estes datos a nivel de provincia, A Coruña foi a que registrou un maior volume nos expedientes de aproveitamentos madeireiros cun total 4,7 millóns de m³, seguida de Lugo, con case 4,4 millóns de m³, Pontevedra con 1,3 millóns de m³ e Ourense con case 500.000 m³.

No tocante aos distritos forestais, o de Santiago-Meseta Interior (distrito III) é o que rexistra o maior volume nos expedientes de cortas de madeira de Galicia, cun total de 1,4 millóns de m³, seguido polo distrito II Bergantiños-Mariñas Coruñesas (con 1,3 millóns de m³) e polo VI A Mariña lucense (1,2 millóns de m³).

Por último, tendo en conta o volume nos expedientes de cortas por formacións específicas, cabe destacar as cortas de eucalipto (*Eucalyptus spp.*) (un 56,55% con 6.229.792,88 m³), seguidas polas de piñeiro (*Pinus pinaster*) (un 19,72 %, con 2.172.193,29 m³) e *Pinus radiata* (un 17,99 %, con 1.981.622,32 m³).

Apoio da Xunta

Con respecto ao sector forestal galego, a Xunta aposta por unha xestión activa, pero sostible, baseada nun monte multifuncional e con futuro. Así, Galicia conta actualmente con 497.532,75 hectáreas de superficie forestal ordenada, xa que a propia Lei de montes establece que os terreos forestais deberán dispor dun instrumento de ordenación ou xestión forestal. Para iso, a Consellería –a través da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal– tramita unha liña de axudas para fomentar a dita ordenación forestal.

Así, con respecto ás ordes de axudas convocadas nos últimos anos para fomentar a dita ordenación forestal, entre as convocatorias de 2018 e 2020 houbo un total de 834 beneficiarios, cunha superficie ordenada que superou as 325.000 hectáreas e uns importes de máis de seis millóns de euros. Concretamente, na convocatoria de 2022, o número de solicitudes aprobadas ao abeiro destas achegas foi de 248, por un importe

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

que supera os 1,6 millóns de euros e unha superficie ordenada, no conxunto de Galicia, de preto de 57.000 hectáreas.

Ademais, a Axencia Galega da Industria Forestal –dependente da Consellería do Medio Rural– ten unha liña de axudas destinada ao impulso da madeira como elemento estrutural na construción. Así, a convocatoria de 2022 contou cun orzamento de 2,6 millóns de euros e ten como principais obxectivos loitar contra o cambio climático, fomentar a prevención e xestión forestal sustentable e activa do territorio galego, afondar en políticas de eficiencia enerxética e chegar confort, saúde e benestar a aquelas persoas que vaian habitar edificacións construídas en madeira.

Doutra banda, súmanse as axudas –recentemente publicadas no *Diario Oficial de Galicia* (DOG)– destinadas aos investimentos en tecnoloxías forestais, procesamento, mobilización e comercialización de produtos. Esta convocatoria de achegas ten un orzamento total de 9 millóns de euros e poden beneficiarse dela as microempresas, medianas e pequenas empresas (pemes) do sector forestal radicadas na nosa Comunidade. Como feito destacado, cabe mencionar que por primeira vez se establecen cinco liñas definidas para asegurar o investimento en maquinarias para a silvicultura, para o aproveitamento comercial da castaña e da resina ou para a clasificación estrutural de madeira. O principal obxectivo é impulsar a industria forestal-madeira e mellorar a competitividade das pequenas e medianas empresas galegas.

Estas dúas últimas liñas de axudas están enmarcadas na Axenda de impulso da industria forestal-madeira, unha folla de ruta recollida no Plan forestal 2021-2040 ‘Cara á neutralidade carbónica’ e deseñada conxuntamente cos principais axentes para potenciar o sector e impulsar a bioeconomía como motor de competitividade, favorecendo unha sociedade saudable, neutra en carbono, baseada no emprego verde e no consumo de produtos locais.

Para acadar estes obxectivos, definíronse catro eixes fundamentais, relativos á mellora do capital humano a través da formación, ao impulso da innovación, á cooperación e valorización e á competitividade, desenvolvemento e diversificación do sector. Por medio destes eixes e dun orzamento de 55,5 millóns de euros, a Axenda prevé mobilizar preto de 140 millóns de euros no reforzo da competitividade e da modernización dun sector clave no ámbito rural.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA